

## Francisco Arteche | Conselleiro Delegado

2016 foi un ano do que nos podemos sentir especialmente orgullosos. Porque os resultados do exercicio reflicten o sólido crecemento en ingresos, clientes e rendibilidade do Grupo Euskaltel. E, especialmente, porque son o reflexo de que cumplimos co compromiso adquirido cos nosos accionistas, cos nosos clientes e co noso mercado.

Os ingresos creceron ata os 573 millóns de euros, grazas ao aumento de altas netas de clientes de valor no mercado masivo; e isto confirma o acerto da nosa estratexia comercial, centrada en produtos de alto valor.

En 2016 renovamos a oferta converxente, que se traduciun en melloras, sobre todo no servizo de Telefonía Móbil e na TV. Esta oferta converxente caracterízase pola súa flexibilidade, permitíndolle aos clientes configurar os seus servizos de acordo coas súas necesidades. Pois ben, esta estratexia permitiuños que a nosa carteira de clientes a final de ano, con contratos de 3 e 4 produtos, alcance o 66% sobre o total de clientes.

Estes son os datos do exercicio pasado, pero gustaríame pór o acento agora no que imos facer en 2017. O noso plan é continuar coa estratexia que nos deu tan bos froitos, mediante a incorporación de novos servizos que melloren a experiencia de cliente. E reforzámonos na área de empresa, co fin de convertermos nun verdadeiro socio de servizos para elas, a través de solucións integrais feitas á súa medida.

E, para terminar, a nosa intención é manter a nosa política de dividendos de forma sustentable e crecente.

E esperamos cumplir con iso, como fixemos ata o momento, grazas á complicidade do mercado, dos nosos clientes, o apoio dos nosos accionistas e ao gran traballo dos nosos equipos.